

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. Fernández Rei (1977): “Notas lingüísticas sobre Fefiñáns (Cambados)”, en Facultade de Filoloxía: *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 287-325.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

NOTAS LINGÜÍSTICAS SOBRE FEFIÑANS (CAMBADOS)**Francisco FERNANDEZ REI**

Departamento de Filoloxía Románica

INTRODUCCION

A vila de Cambados está formada por tres pobos aínda hoxe ben diferenciados: Fefiñáns, no N; Cambados, no centro; Santo Tomé do Mar, no S. No presente traballo intentamos analizá—los principais rasgos lingüísticos e sociolóxicos de FEFIÑANS, no que foi nado o poeta R. CABANILLAS ENRIQUEZ. Hoxe Fefiñáns forma parte da parroquia de Santa Mariña de Cambados, pro daquela, cando nacéu o bardo, pertencía á de San Adrián de Vilariño.

Fixarémonos especialmente naqueles rasgos que son diferentes dos do galego común, tanto os que permitan encadra—la zona estudiada nun “dialecto” galego, coma os específicos de Fefiñáns. Empezaremos cun análise dos aspectos fonéticos, pra seguir cos morfosintácticos e léxicos. Logo, os sociolóxicos e máis unha pequena mostra dialectal (testos recolleitos en cinta magnetofónica, que se conserva no Instituto da Lingua Galega da Facultade de Filoloxía de Santiago).

O material do que nos valem os obtivémolo, xa dun xeito directo facendo enquisas, xa indirectamente na nosa convivencia coa xente do

pobo, de onde somos nados. As conclusións obtidas poden aplicarse a toda a vila de Cambados.

En ocasións comparamos o resultado dun fenómeno co que se atopa noutros puntos de Galicia, pra intentar explicar mellor aquél. Estes outros datos que nos permitiron facer comparacións rexistrámoslos M^a R. Alvarez Blanco, M. González González e máis nós ó facer enquisas pró que será o Atlas Lingüístico e Etnográfico Galego, en puntos espallados por todo o país.

Temos que agradecé-la axuda que nos prestou o Dr. A. Santamarina na recolleita dalgunhas das etimoloxías, os datos que nos aportou a Dra. M. L. Brea pra intentar explicá-lo paso de **en** a **de** con nomes de lugar, e en especial a do mestre Xan Piñeiro Chantada, polos datos sociolóxicos que nos dou.

1. FONETICA

1.1. Vocalismo

1.1.1. Vocales tónicas

1.1.1.1. Ante nasal, as vocales abertas de grado medio **e**, **o**, pechan xeralmente o seu timbre: **dente** (< **děntěm**), **merenda** (< **merěndām**), **vento** (< **věntŭm**); **fonte** (< **fōntěm**), **ponte** (< **pōntěm**); **conto** (< **cōntŭm**).

Outras veces é o **e**, **o** pechados do romance o que sofre o efecto da nasal: **trincha** (“trencha”, do fr. **trenchier** “cortar”); **cuncha** (“concha”, de lat. **conchŭlām**).

En ocasións a pechazón prodúcese igual, anque non haxa nasal: **birbiricho** (“berberecho”, do gr. **bérberos**), con armonización vocálica posterior das átonas; **lústrijo** (“lóstrego”, der. **lŭstrŭm**); **pixijo** (“pexego”, lat. **persĭcŭm**) e **pixijeiro**; **bulsa** (“bolsa”).

1.1.1.2. Metafonía do **-o** final que inflesiona ás veces o é aberto, e xeralmente o **o** tamén aberto, pechándoos un grado: **medo** (< **mětŭm**),

portelo (< **portám** + sufixo **-ěllum**). Pro non a hai en **sejo** (< **caecúm**), **cadele** (< **catúm** + **-ěllum**).

Os casos de ó son máis frecuentes: **morto** (< **mórtuúm**), **novo** (< **nóvum**), **posto** (< **pósitum**), **sojro** (< **sócrum**), **torto** (< **tórtum**), **xojo** (< **jócum**). Non hai metafóna en **corvo** (< **córvum**), **porco** (< **pórcum**). Nuns falantes o o inflesionado da forma masculina propágase á femenina: **morta** (< **mórtuám**), **nova** (< **nóvám**), **posta** (< **pósitám**), **torta** (< **tórtam**); noutros, mantéñse o timbre etimolóxico: **morta**, **nova**, **posta**, **sojra**, **torta**.

Tamén se rexistra a metafóna do **-a** final, que fai abrir un grado o é e máilo ó pechados: **ela** (< **illám**), **meça** (< **měnsám**), **peja** (< **picám**); **boða** (< **vóta**), **hora** (< **hóram**).

1.1.2. Vocales átonas

1.1.2.1. Armonización vocálica de e, o ante i, xeralmente tónico: **vestido** (“vestido”), **miniño** (“menino”), **sistillo** (“cestillo”); **bulsillo** (“bolsillo”), **custillas** (“costillas”), **subriño** (“sobriño”); **murinillo** (“morenillo”).

O morfema desinencial **-ín** da 1ª pers. sg. do pretérito perfecto ind. da 1ª conxugación verbal produce armonización sempre: **chijín** (“chegueí”), **pitín** (“petéi”); **butín** (“botéi”), **tumín** (“toméi”).

Tamén armonización de o ante u: **Currubedo** (“Corrubedo”), **A Coruña** (“A Coruña”), **u custumbre** (“o custumbre”), **Purtujal** (“Portugal”).

Armonización no sintagma: **di dfa** (“de dfa”), **pur junio** (“por junio”), **pulu cuberto** (“polo cuberto”), e o xa citado **u custumbre**.

Este fenómeno fonético prodúcese constantemente nuns falantes, mentres que noutros alterna a armonización en i, u cunha forte pechazón de e (> e), o (> o): **pensín** / **pínsín**; **lombrija** / **lumbrija**.

1.1.2.2. Vacilación vocálica por asimilación ou disimulación:

i / e: difunto/ defunto; minuteru / menuteru; ribeira/ rebeira;

u / o: escrófulas/ escrófolas; tabulete/ tablete;

e / a: berbiquí/ barbiquí; cremallera/ cramallera; enano/ anano;
rendixa/randixa; O Serriño/ O Sarrido; Serantellos/ Sarantellos;
setenta/ satenta; Teresa/ Taresa; Xestelas/ Xastelas.

1.1.2.3. e>a: cuartarón (“cuarterón”), sinsarrada (“cencerrada”),
tánasa (“tenaza”), xarjón (“xergón”).

1.1.2.4. O a>ä, palatalizado coma no paso e>ä: lämeira (“lameira”),
chäminea/ chaminea.

1.1.2.5. Metafonía de a ante í, que é inflesionado en **ɛ**. Este fenómeno dáse con moita frecuencia na fala do pobo de Santo Tomé do Mar (parroquia de Cambados). Pro o feito de que se considere moi vulgar faino retroceder á xente máis vella e a voces ailladas dos demáis. Tódolos de Fefiñáns saben que os de Santo Tomé din o **mɛndil**, a siña **Mɛría**, as **säpɛtillas**.

Pro aunque en Fefiñáns non se rexistran eses tres vocablos que acabamos de citar, a metafonía de a ante í ten unha vitalidade enorme. Son moitos os exemplos que poderíamos citar, recolleitos todos espontáneamente de distintos falantes.

O resultado da metafonía pode ser:

a>ä/ɛ. Alternancia nun mesmo falante:

älí / ɛlí (“alí”), äsí / ɛsí (“así”), äquí / ɛquí (“aquí”), äí / ɛí:

a>ɛ: bɛrnís (“barniz”), Ejiño (“Aguiño”), hɛbía (“había”).
Elbina (“Albina”);

a>ɛ: Dɛrío (“Darío”), rɛquítico (“raquítico”), rɛsimo
 (“racimo”);

a>e: **estilla** (“astilla”);

a>i: **minijillo/ monejillo** (“monaguillo”).

1.1.2.6. O diptongo, ou a) desfaiše:[klijēnte] “cliente”, [dɛʒbiár] “desviar”, [duɛlɔ], [xuardilla] “guardilla”; ou b) o iod>e: [kambeár] “cambiar”, [kamɛɔn] “camión”, [peɔlla] “piolla” (enfermedade da folla do nabo).

1.1.2.7. Outras veces un hiato desfaiše, creándose un diptongo: [náuʃja] “náusea”, [xásjɔsa] “gaseosa”; ou fica nun estreitamento do e ou do o: [pión] “peón”, [uéstɛ] “Oeste”, [lešuéstɛ] (vento entre E. e SE.)

1.1.2.8. O /k/ tende a pechá-lo o, tanto se o precede coma se aparece tras el: **cucote** (“cocote”), **cuncha** (“concha”, onde a nasal tamén influiría); **custureira** (“costureira”, onde interviría asemade a armonización); **cordeiro** (“cordeiro”); **trucasa** (o pombo ou “paloma torcaz”).

1.1.2.9. Prótesis de A—. Frecuente en verbos, e ás veces nalgúns adxetivos que comencian por r ou m: **amadurar**, **amañoso** (posiblemente por influxo do a de “habidoso”), **arrematar**, **arrodear**.

Son moitos os sustantivos cun a— protético, que sin dúbida procede do “artículo” indeterminado **unha**, por falsa segmentación ó articular o falante esta forma: como o “n” está moi velarizado, parece producirse unha leve pausa na pronuncia de “unha”, quedando o seu corpo fonético dividido en dúas partes, das que a 2ª, o –a, pasa a se agrupar coa verba seguinte.

Este a— protético pode aparecer só claramente no plural, ou nos dous números:

- 1) **Unha fresa, unhas fresas / as (a) fresas;**
- 2) **unha ños / un anós, unhas ñoses / as (a) ñoses;**
- 3) **unha ran / un arrán, unhas arráns / as arráns;**

4) **unha vieira / unha avieira, unhas avieiras / as (a) vieiras;**

5) **unha amoria, unhas amorias / as amorias.**

Nos exemplos 1),2) non é normal o **a-** protético, pro témolo rexistrado. O exemplo 3) é normalísimo. A ausencia ou presenza no 4) depende do falante. E no 5), o anormal é a ausencia do **a** protético pra designá-la “mora”.

Hai uns cantos sustantivos femeninos rematados en **-o** cos que a dita fragmentación do “unha” vese apoiada polo feito de que o falante os asociará cos masculinos. A carón de **un codo / o codo, un tellado / o tellado...**, aparecen:

1) **unha foto > un afoto / o afoto, uns afotos / os afotos**

2) **unha moto > un amoto / o amoto, uns amotos / os amotos;**

3) **unha radio > un arradio / o arradio, uns arradios/ os arradios.**

Tamén o temos rexistrado en **o afinal**, pro é un uso anormal.

1.1.2.10. Anaptisis dun **a** : **alparajata** (“alpargata”), **Injalaterra** (“Inglaterra”), **jarabanzo** (“garbanzo”).

1.1.2.11. A epéntesis dun **iod e**, máis aínda a do **wau**, é anormal na fala de Fetiñáns, nos distintos niveles da lingua. Con todo, témolo rexistrado en **faráio** (o normal é “faráo”).

Un **iod epentético** normal é o de **amoria** pra designá-la “mora” da silveira.

A carón de **adro** (<atrium) atópase a forma **adrio**: non coidamos que se trate dun caso de **iod**, senón de cruce da forma galega coa castelá **atrio**.

1.1.2.12. O **-e** paragóxico tras **-r** é anormal.

1.1.2.13. Aféresis dun **a-**. En sustantivos femeninos débese á identificación do **.a-** coa forma do artigo, de ahí que se produza unha falsa segmentación:

ϕ / a **chicoria** (“achicoria”)

ϕ / a **sotea** (“azotea”)

as **monestasións** (“amonestaciones” ou “proclamas”).

Tamén aféresis no sustantivo **buxeiro** (“aguxeiro”), verba que hoxe está sendo totalmente substituída por “burato”, “buraco”; pro que aínda se mantén como sinónimo delas na xente máis vella, e tamén pra designá—lo burato por onde sai o aire do barquín do ferreiro.

Igualmente presenta aféresis **carisiar** (“aloumiñar”), por analoxía con “cara”.

1.1.2.14. Un caso de síncope vocálica é o de [bríjas] (“virillas”).

1.2. Semivocales e semiconsonantes.

1.2.1. O IOD

a) Desaparece en formas como **andaso** (“andacio”), **jarfo** (“garfio”), **pqs** (“Pois”).

b) Alternancia iod / ϕ en:

[bɛ̃ndímjɹ] / [bɛ̃ndímɹ] (< vīndēmia)

[bɔ̃sɹjɹ] / [bɔ̃sɹ] (< bociūm)

[límpjɹ] / [límp] (< límpidūm).

A forma “máis”, tanto se funciona normalmente como adverbio de cantidade, coma se se engade como reforzo da copulativa “e”, perde o iod: “viñeron **más** de vinte barcos”, “teño a secá—lo sueste e **málo** pantalón de ajuas”. Rexístrase **máis** no remate da frase: “serían vinte ou **máis**”.

Na pronuncia coloquial a forma **despós** é máis usual do que **dispós** / **dispóis**.

c) Creación de iod en formas como [náuʃjás], [peḏánjø] (cfr. 1.1.2.7.).

d) O iod armoniza o e > i: [pindjéntés] “pendientes”; [sitjémbré] “setiembre”; [tinjénté] “teniente”; [trispijés] “trespiés” ou “trepia”.

e) O iod inflesiona o a, cando ámbolos dous forman un diptongo en sílaba átona: [bejár] “bailar”; [ejaḏá] “aixada”; [xejbótá] “gaivota”; [xejtéirø] “gaitero”; [kejšón] “caixon”; Pro nunca se rexista a metafonía do a se éste é tónico: [bájá], [xáitá], [kájšá].

Hai veces en que só palataliza o a, sin chegar a inflesionalo en: e [bäiśár] “baixar”, [läméjra] “lameira”.

1.2.2. O WAU

a) Desapareceu totalmente da forma [áxwá] (< acquám). E normalmente non se rexista na conxunción ou: “as olivas o as palmeras”; e ás veces en formas verbales: “bóme para casa”, “eso pasóme a min”. Exemplos deste tipo recollémoslos en conversas.

b) Creación dun u antietimolóxico en [ouvéja] “ouvella” (< ovicŭlá).

c) Armoniza o e en i: [Ináxwá] “enagua” (< taíno *naguas*); [Ingwá] (< *inguinēm*). En ámbalas dous, habería que ter en conta o influxo da nasal; e ademáis, no 2º exemplo pode pensarse nun cruce co castelán “ingle”.

d) Inflesiona o a un grado: [boḏtiśár] “bautizar” (< *baptizare*); [toḏpéjra] “toupeira” (< *talparia*).

Hai dobles nos que se ve a convivencia do mantimento do a e máila inflesión. A frecuencia dos dous é semellante:

[aureja] / [oureja] (< *auricŭlām*)

[bákálaurá] / [bákálourá] (< *vaccām laurām*)

1.3. Consonantismo

1.3.1. A GEADA

O /g/, que noutros sitios de Galicia ou no castelán normativo se articula como oclusiva ou fricativa velar sonora segundo a posición na palabra ou na frase, en Fefiñáns faise sempre como [x], fricativa velar xorda. Non se rexistra a aspiración do /g/ nin na xente máis vella: [xoṛ̥] “gorro”, [bʲx̥] “Vigo”, [axraḋár] “agradar”.

A geadá é “parcial”, non se rexistra no grupo ng, agás duns poucos casos. Este grupo ng artículase como [ng] ou como [nk], pro nunca como [nx], xa vaia o [g] seguido de vocal coma de consonante:

(A) lat. *lǐnguā*m > *lengua* (a), *lencua* (b)

lat. *lǒngū*m > *longo* (a), *lonco* (b)

lat. *congrū*m > *congrío* (a), *concrio* (b)

lat. vg. **hamīca+atiū*m > *angaso* (a), *ancaso* (b)

lat. vg. *domīnicū*m > *domingo,du-* (a), *dominco, du-* (b)

lat. vg. *iūvencū*m > *xovenga, xu-* (a), *xovenca, xu-* (b)

griego *polyánkriston* > *palangre* (a), *palancre* (b)

(B) lar. vg. **incūdēm* > *iunque,y-* (b), *iungue, y-* (a)

E un castelanismo.

lat. vg. *mancū*m > *manco* (b), *mango* (a)

(cfr. *manīcum* > *mango* (a), *manco* (b))

lat. vg. **stanicāre* > *estancar* (b), *estangar* (a)

inglés *tank* > *tanque* (b), *tangue* (a)

O resultado (a) dáse nuns falantes, e o (b), noutros. Nos exemplos de (A) vese que os falantes (b) evolucionan todo [ng] > [nk]; e nos casos de (B) pode observarse cómo os falantes (a) asimilan o grupo romance [nk] ó [ng].

A situación actual do grupo **ng** na Galicia de “geada” é a seguinte: a) nuns puntos é sempre [ŋx] (Cariño, Cedeira, Santiago, Portonovo...); b) noutros alternan [ŋx]/[ŋg] segundo o falante, pro dominando o 2º (é o caso de Carral); c) e noutros é [ŋg], que nalgúns tende a ser sempre [ŋk] (Aguíño, Rianxo...).

O que nuns sitios sexa [ŋx] e noutros [ŋg] (> ŋk) pudiera explicarse polo feito de que nos primeiros, formas **domīnīčŭm**, **manīčŭm**, ***stancīcāre** perden o **i** postónico (no 3º exemplo sería pretónico) despóis do paso [g] > [x], e logo o grupo **nx** propágase a formas como **lengua**, **angaso**. Nos outros, polo contrario, unha caída temperá da postónica faría que o [g], fricativo, se fixese oclusivo ó ir precedido do [n] impedindo paso a [x]; mentres que nos demais casos, o [g] fricativo > [h] > [x].

As únicas formas nas que se rexistra o grupo [ŋx] en Fefiñáns son aquelas compostas da preposición **en**: [ɛ̃ŋxanɕár] “enganchar”, [ɛ̃ŋxopár] “engordar”, [ɛ̃ŋxrasár] “engrasar”... e outras como [ɛ̃ŋxádo] “engado” ou [ɛ̃ŋxrupársɛ] que se verían como compostas de **en**+... (descoñecemos-la súa etimoloxía).

Os antropónimos [ãŋxústjās] “Angustias”, [ɛ̃ŋxrásja] “Engracia” veríanse tamén como compostos. Ademais no 2º, influiría o uso común da voz [xrásja] (“estar en grasia de Dios”).

A voz [laŋxósta] sería primeiro [laxósta] (< lacŭstām) (cfr. port. **lagosta**, e **lajosta**/**lajostra** de outros lugares de Galicia). O **n** sería antietimolóxico, como o de **esquensar**, **ponla**...

Nos castelanismos tipo **alcahuete**, **hueso**, **huevo**, **huerto**... o/g/ que vulgarmente produce o/u/, pronúnciase con geada: [alkaxwétɔ], [xwésɔ], [xwéɔɔ], [xwértɔ].

Casos anormales son:

g > k- : [kɔɔndrínɔ] “golondrina”

[kɔɔndrínɔ] “golondrino” (tumor no sobaco)

g > b : [bušéiro] “aguxeiro”, [kalúbɔ] “caluga”

1.3.2. O SESEO

Tanto en posición esplosiva como implosiva, os fonemas /s/ e /θ/ neutralízanse no arquifonema /s/, que, fonéticamente, realízase normalmente como [ʃ] ápicoalveolar, aunque tamén se rexistra a variante predorsal [s]. Nalgún falante só atopamos [ʃ]; noutros, as dúas realizacións, pro a frecuencia do ápicoalveolar é meirande do que a do predorsal.

facēre > [fašér] / [fasér], lūcēm > [lús] / [lús]

En contacto cunha vocal palatal, o /s/ do seseo chega a (semi)palatalizarse:

acidūm > [áʃið] “acedo”

dīcere > [dišír] / [dišír] / [dišír]

lat. vg. cerēsia > [šerēiša] / [širēiša] “cereixa”

[šerēišeira] / [šerēišeira] “cerdeira”

árabe sarāwīl > [širólás] “cirolas”. Non rexistramos [širólás].

Formas que no castelán vulgar teñen un θ implosivo, procedente dun d, en Fefiñáns realízanse con seseo:

cast. vg. [aθkirír] “adquirir” > [aškirír]

cast. vg. [aθmitír] “admitir” > [ašmitír]

cast. vg. [birtúθ] “virtud” > [birtús], [birtú]

O fonema /θ/ emprégase ó falar en castelán ou pra reproducí-la fala dos pobos e aldeas veciñas que o teñen (“traí unha cesta de herba e máis unha ducia de cebolas”), ou ó citar topónimos deses lugares :A Bouza, S. Lorenzo de Nogueira, Zacande.

1.3.3. Palatalización do /s/ e despalatalización do /š/

En 1.3.2. analizamos os casos de palatalización do /s/ procedente de /ts/ ou /ds/ latinos. Este fenómeno tamén se dá en [širín] (<serinūm) e

en [šuráír] (< fr. sourdre, do lat. surg(e)re que alterna con surdir. E ocasionalmente temos rexistrada a semipalatalización do -s implosivo final de verba: [ántés] “antes”, [entónsés] “entonces”, [relóxitós] (un marisco). Este *š* aparece en formas illadas, non ten a regularidade nin a frecuencia de emprego dos pobos do Morrazo pontevedrés ou de Cadelas de Tui.

Despalatalización do /š/ > /ś/ :

[śástré] / [šástré] (< sartōřem) e [śástrería] ;

[śõntá] “xunto a” (< jũctũm ad)

1.3.4. O YEISMO

En xente de cincuenta anos en adiante o normal é a oposición /j/ v.s. /i/ (fonéticamente [j], [i]), non rexistrándose o fonema /y/:

[máj] (< *malleo) “mallo” / [máj], [máj] (< majũm) “maio”

[teláj] (der. lt. tegũlam) “tellado” / [fajáj], [fajáj]

[páj] (< paleãm) “palla” / [sáj], [sáj] (< sagiãm) “saia”

Noutras persoas de máis de cincuenta anos, máis ou menos, a oposición establécese entre /y/ (< /j/) v.s. /i/, realizado [j], [i], desaparecendo o fonema /j/:

[máj]: / [máj], [máj]

[teyáj] / [fajáj], [fajáj]

[páj] / [sáj], [sáj]

O yeísmo, que se rexistra en toda a xente “nova”, non é o resultado da neutralización dos fonemas /j/ e /y/ coma no castelán, senón de /j/ e de /i/ ([j], [i]):

[máj], [fajáj], [sáj]

Esta confluencia /j/, /i/ > /y/ creemos que é a que se produce en toda a Galicia yésta: nos lugares sin yeísmo, que son moitos, temos observado

que a oposición dáse sempre entre /j/ e /i/ ([j], [i]), pro non entre /j/ e /y/.

1.3.5. O ROTACISMO

Non existe o rotacismo do /s/ ante unha sonora nin ante ningunha outra consonante. Só o rexistramos en [bʲrʲxʲ] “bisgo” (carnada pró anzó) e en [mʲzʲmʲ] (un s moi sonorizado tendendo a r fricativo). Cando se imita a fala dos da “aldea”, hai rotacismo: “Dior mʲfo”, “ar vacas”...o que denota que o falante ten conciencia de que el non incurre nese paso s > r.

Rexistramos casos de rotacismo en Corbillón (parroquia de Cambados).

1.3.6. Neutralización de R, L implosivos

O arquifonema resultante unhas veces é /r/: [aRʲbʲaŋʲ] “albañil” [kaRʲkʲaŋʲ] “calcaño”, que conviven con [kaLʲkʲaŋʲ]

Outras veces é /l/: [aLʲxʲalʲeʲrʲ], que convive con [aRʲxʲalʲeʲrʲ], no senso eiquí de “botado, brabucón”; [kʲoLʲʲ] (a parte do aparello onde van os corchos), [maLʲmʲrʲrʲ] “marmurar”, [sʲoLʲʲ] “sorbo”.

En posición esplosiva en [tabʲlʲeʲtʲ] “taburete”.

1.3.7. A NASALIDADE

A antiga nasalidade vocálica perdéuse, pro xeneróuse unha consonante nasal: irmā > |irmā̃| (<germana), gaādo > [xā̃dʲ] “gando” (<ganātūm), queñlla (<caničūllam) “quella” en Cariño–Ortigueira, por exemplo, onde tamén temos rexistrado “irmá” e “gado”).

A nasalidade de esquēnsēr (<*escadescēre) e a de pōnlla (<pullam) é antietimolóxica.

Non se conserva en [mʲó̃lʲ] / [mʲólʲ] (<manučūlūm).

Nasalizada está a 1ª pers. sg. do pret. perfecto ind. da 1ª conxugación: **preparín** “preparéi”, **butín** “botéi”, **pijín** “peguéi”, **calsín** “calcéi”.

1.3.8. O grupo **br** (<b1) somentes se mantén nalgún vello: **branco** “blanco”, **brusa** “blusa”. Moita xente lémbrese de que os vellos de antes empregaban esas formas con **br**.

1.3.9. Grupos –CC–CT–

O resultado de –CC–é cáseque sempre –US–: [kɔmfɛʊsʝɔŋ] “confección”, [dirɛʊsʝɔŋ] “dirección”, sin que se descoñeza o resultado –CC–>–S– : [kalɛfɛʊsʝɔŋ] / [kalɛfɛʊsʝɔŋ] “calefacción”.

O grupo –CT–>–UT–, nunhas verbas: [elɛʊtɾikɔ] “eléctrico”, [ɔʊtúbrɛ] “octubre”. Noutras hai asimilación do c ó t: [dirɛtɔr] “director”, [rɛtɔ] “recta”.

1.3.10. Epéntesis consonántica.

Epéntesis de **r** en **faldra** (<germán. *falda*) “falda”, **trambalear** (voz onomatopéiica) “tambalear” **xabrón** (<*sapōnĕm*) “xabón”.

Un “1” epentético rexistrámolo en **a–1–alto** “ó alto”; e poida que tamén sexa o de **a–1–axua**, ou que eiquí se trate do artígo **la** (véase 2.3.1.).

1.3.11. Matátesis. A máis frecuente é a do **r**:

pirmeiro (<*primariŭm*) “primeiro”, **probe** (<*pauperĕm*) “pobre”
treminar (<*termināre*) “terminar”, **trosón / torsón** (cólico do cabalo)

Tamén a de **r – 1**: **polrón** “porlón”, **jalropa** (<neerlandés *voorloop*) “garlopa”.

En **mursiéxalo**, que convive con **mursiejo** e **mursiélaço**

1.3.12. Disimilación do r en arrastar “arrastrar” e rasto “rastro”, en madrasta “madrastra” e padrasto “padrastro”.

2. MORFOSINTASIS

2.1. Os sufixos

–ana> –án : germānǎm > irmán
lanǎm > lan
mattianǎm > masán
–anu > –án: germānŭm > irmán
tabānŭm > tabán / atabán
*temporānŭm > temperán
–onu> –on: bonŭm > bo

2.2. O sustantivo

2.2.1. O xénero

Como no galego común manteñen o xénero masculino voces como **vinajre, leite, mel, sangue...**

Alternancia o / a con narís.

Mar é sempre masculino.

Masculinos son **o arradio, o afoto, o amoto**, cando levan **a** protético: **un arradio, dous arradios**. (cfr. 1.1.2.9.)

2.2.2. O número

Se a verba remata en –n, o plural fórmase engadíndo un **s**: **avión, avións; can, cans; aljún, aljúns**.

Se remata en –l, engádese es : **animal, animales; cadril, –iles; corral, –ales**. Dos plurales tipo “animás”, “corrás” só se conserva a forma **ras** (pl. de **ral**), e **cadrís** (ten moita máis frecuencia o castelanismo **cadriles**).

2.3. O adxetivo

Capás úsase sempre en singular:

“non fun **capás a** faseo”; “non somos **capás a** acabalo”

Adx. creados sobre sustantivos:

fariña milla (de millo), **fariña trija** (de trigo).

Alternancia [ka **mí**] / [ke **éu**] cando o 2^o término da comparación é o pronome sg. 1^a persoa:

“é más jrande **ca min** / que eu”

2.4. O artigo

2.4.1. *O artigo determinado* : o / u, os/ us; a/ as.

A variante **u, us** só se rexistra en sintagmas tipo **u** *costumbre*, **us** *tubos* nos que se produce armonización vocálica.

Asimilación do **-r** ó **l** latente do artigo: **tocá-la** *xaita*”, “**matá-lo** *tempo*”.

Alternancia nun mesmo falante de asimilación / non asimilación dun **-s** ó **l** latente: **tódo—los** *días*, **todos os** *días*, **tódo:s** *días*, **todos** *días*.

Por influxo da predicación eclesiástica aparece o artigo castelán **el** nos seguintes sintagmas: **el Señor** (tamén aparece ó longo da obra de R. Cabanillas), **el sielo** (“foise pal sielo”; pejóuñe no **seu** da boca”).

Espresións moi frecuentes son as formadas por un tempo de **botar**, **caír** ou **tirar** + **a—l—ajua** : “botóuno **a—l—ajua**”. “vas caír **a—l—ajua**”, “tírao **a—l—ajua**”, onde **ajua** refírese ó mar cáseque sempre. Ese **l** pode ser unha epétesis; ou podría tratarse do castelán **la**, pro esto parécenos raro, xa que **a—lajua** rexístrase en novos e vellos. Pudera sé—lo mantimento da antiga forma do artigo **la** (cfr. na poesía gal.—port.

medieval: “Quand’ eu vejo las ondas/ e las muyt’ altas ribas” en Roi Fernandez (1); “eu al rio me vou banhar” en Estevam Coelho (2).

2.4.2. As formas do “artigo” indeterminado son:

un, uns ; unha, unhas

Variantes: de un, [ũ]; e de uns, [ũs] e [ũḡs]. Nesta variante unhes o e paragóxico é moi relaxado.

2.5. O PRONOME PERSOAL

2.5.1. Formas tónicas

	singular	plural
1ª persoa	eu	nós / nosoutros
2ª persoa	tí	vós / vosoutros
3ª persoa	el , ela, usté	eles, elas, ustedes

Na forma *ela* (<illām > *éla*) prodúcese a metafonía da que xa temos falado (cfr. 1.1.1.2.).

Na xente nova nunca temos rexistrado as formas **nosoutros**, **vosoutros**. Nos que teñen máis de cincuenta anos, nalgún rexístrase raramente (por exemplo, pra evitá—la repetición de **nós,vós**: “—nós vimos de Vijo; —pos nosoutros tamén!”), e noutros coexisten normalmente, anque **nós, vós** teñen unha frecuencia máis grande.

En xente máis vella. **nosoutros, vosoutros** son as formas normales: nuns atopámo—la alternancia con **nós, vós**, pro noutros só aquelas existen.

En modo algún coidamos que **nosoutros, vosoutros** sexan castellanismos. A situación actual da 1ª e 2ª pers. pl. do pronome tónico en Galicia é a seguinte:

— **nosoutros, vosoutros** son as únicas formas que se coñecen, tanto por vellos coma por novos, en cáseque toda a provincia de Lugo e nos

(1) NUNES, J.J., *Cantigas d'amor dos trovadores galego-portugueses*, Coimbra, Imprensa da Universidade, 1932. Kraus reprint Co., New York, 1971, páx. 313.

(2) NUNES, J.J., *Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses Vol.II*, Coimbra, Imprensa da Universidade, 1926, Kraus Reprint Co., New York, 1971, páx. 142.

pobos cruñeses do triángulo que ten por ángulos O Barqueiro, S. Cristobo de O Ferrol e máis Espiñaredo-A Capela, e noutros como Toques de fóra dese triángulo.

A convivencia **nosoutros/ nós, vosoutros/ vós** témo—la rexistrada: a) na provincia de Lugo, en Palas, Guntín, Láncara (predomina **nosoutros**), Sober (predomina **nós**); b) na de A Cruña, aparte dos lugares onde só hai **nosoutros**, pode afirmarse que esta alternancia é xeral en toda a provincia, cunha oposición clara entre o **nosoutros** propio da xente “máis vella” e o **nós** dos “novos”. A situación lingüística é distinta en cada sitio: nas Pontesdeume, emprégase o **nosoutros** pra se referir a máis de dúas persoas; en Monfero e máis en Santiso, **nosoutros** é a forma normal, mentras nos pobos da Costa da Morte, nos da Ría de Arousa, en Sada e en moitos máis **nós** é propio dos “novos” e o **nosoutros** só dos “vellos”; b) en Ourense, só o atopamos en Pereiro de Aguiar—Ourense e máis en Xinzo; d) e en Pontevedra, ademáis de Cambados (onde a retirada é cada vez meirande), mantén moita vitalidade no Morrazo (en Cela—Bueu, na Fraga—Moaña); en Catoira, en Lérez—Pontevedra, en Belesar—Baiona, Entienza—Salceda de Caselas, Salcidos—A Guardia e Rodeiro só nos “vellos”.

Non pode falarse de que **nosoutros, vosoutros** sexan castelanismos cando na xente máis vella de tres cartas partes de Galicia pode rexistrarse. O paso do **nosoutros** (< *nōs* + *alterōs*) a **nós** coidamos que se efectuaría a partir de formas como [*nos'outros*], que **nós** mesmos rexistramos en Os Muños de Moraime—Muxía, dentro da Costa da Morte, na que en tódolos pobos conviven **nosoutros / nós**: nesa forma de Os Muños, sendo unha soa verba e non dúas, apreciamos que o s de **nos** nos formaba sílaba co diptongo **ou**, senón que se producía unha brevísima pausa suficiente pra agrupar acústicamente o s con **nos**—.

2.5.2. *Formas átonas*

Na 2ª persoa hai unha total oposición entre **te**, en función de complemento directo, e **che**, funcionando como compl. indirecto. Con todo, encontramos algún caso esporádico de CHEISMO (neutralización de

te / che no arquimorfema che): “por eso non che van a prender”; e algún de TEISMO (o arquimorfema é te): “eso é o que te aprende túa nai”.

O pronome átono de 3 pers. en función de C. Ind., sg. e pl., é sempre ÑE, nunca lle, lles.

A orixe do ñe hai que buscala na gran frecuencia de sintagmas con /ɲ/ precedido de nasal /n/: **puxéronlle, bendínlle, non llo quero...** Construcións deste tipo hainas en toda Galicia, pro en Cambados hai que engadirllas aquelas coa 1ª prs. sg. do pret. pfto. ind. da 1ª, que é sempre en –in: **saquínllo, butínllo.**

O /n/, que normalmente é nasal **velar** e o /ɲ/, palatal lateral (>/y/) asimílanse, xurdindo un novo fonema /ɲ/, que mantén a nasalidade do /n/ e a palatalidade do /ɲ/. Así:

“ó miniño puxéroÑE un vestido”, “eso bindíÑO”
“á nai no ÑE diron a limosna”, “saquiÑO” (“saquéillo”)
“butíÑO” (“botéillo”), “cumiÑO” (“comínllo”)

Logo este ñe estenderíase ós casos en que lle non fora precedido de nasal:

“o mesmo ÑE daba”, “diÑO ti”
“sempre ÑE acordaba miña irmán”
“témoÑE que faser un rejalo” (“témoslle”).

Esta forma pronominal témo—la rexistrada en O Grove e máis en Rianxo, pobos nos que, o mesmo que en Cambados, pode decirse que se emprega dun modo xeral por novos e vellos, instruídos ou sin instrución. Nestas dúas vilas citadas, os perf. en –ín da 1ª conx. verbal teñen a mesma vitalidade que en Cambados.

O fenómeno do “ñefsmo” tamén o ten observado Manuel González González en O Barqueiro (**díño / dillo; díñelo/ díllelo**; “ós pobres non se ñes axuda”) e máis en Betanzos.

Mª Rosario Alvarez Blanco rexistróuno nas Pontesdeume (**díñelo / díllelo, pro díxenllo > díxeño, non díxenllo**).

E nós atopámolo en Caldelas de Tui, só despois de nasal: **botéñe** (“botéille”), **disparéñe** (“disparéille”) (En Caldelas a 1ª pers. sg. do perf. 1ª conx. é–én, e ás veces –éin). E en Mondego–Sada, **díxeñe**, pro **pasóulle**.

2.6. PRONOME POSESIVO

As formas nos difiren das do galego común.

En función adxetiva, con nomes de parentesco non levan artigo.

Espreións do tipo “ter casa de seu”, “coche de seu” teñen moito emprego.

As formas **mi madre**, **mi padre**, **tu madre...** non as rexistramos en Fefiñáns, pro sí en Santo Tomé do Mar.

O sintagma **mi madre** é unha espreión lescalizada empleada en Fefiñáns como exclamación. Pode ser un castelanismo ou un resto das formas **mi madre**, **mi padre...**, que no veciño pobo de O Grove teñen moita vitalidade aínda hoxendía.

2.7. O VERBO

2.7.1. A *flesión verbal*.

2.7.1.1. A 1ª e 2ª pers. pl. do imperfecto ind. leva acento grave ou esdrúxulo segundo o falante:

cantábamos / cantabámos; cullíades/ culliádes

2.7.1.2. Créanse futuros regulares a partir do infinitivo de verbos denominados “irregulares”:

haberéi, disiréi, faseréi, poñeréi, saberéi, saliréi

2.7.1.3. No perfecto indicativo, o SF (Sufixo Flesiona= SMT “sufixo modal temporal” +SNP “sufixo de número e persoa”) da 1ª pers. sg. é –fn.

O paso de **cantavī** > **cantín** tería as seguintes fases: 1^a) **cantéi**, en Salcidos—A Guardia, A Mezquita (cfr. **saludeio** neses dous puntos); 2^a) **cantéi** / **cantéi**, en Larouco, Sabuguido de Conso (cfr. **saludéino** / **—déuo** no 1^o, **saludéino** / **—déio** no 2^o); 3^o) **cantéi**, nasalizado, cun **n** latente que aparece ó pospoñerlle un pronome de 3^a pers. C. Dir. (**saludéino**, **tiréino**). E a solución da mor parte de Galicia; 4^o) **cantéi**, co diptongo doblemente nasalizado, en Salgueiros—Dumbría; 5^o) **cantéin**, en puntos da Costa da Morte Cruñesa (Barizo—Malpica, Xaviña—Camariñas, Os Muños—Muxía), en Xermade e máis en Sabane do Courel da provincia lucense, e en Sabuguido de Conso, Viana do Bolo e A Gudiña de Ourense; 6^o) **cantén**, en Os Muños—Muxía, Duio—Fisterra, Guillade—Pontareas e Caldelas de Tui; 7^a) **cantén**, en Ouselle—Becerreá, Triacastela e Sabane do Courel; en Fontablanca de Ramirás, Sabuguido de Conso e Vilameá—Lovios; en A Graña—Covelo, Belesar—Baiona, Caldelas de Tui, Salvaterra do Miño e Arbo; 8^a) **cantín**, en Os Muños—Muxía e en tódolos pobos da Ría de Arousa, desde Aguiño—Riveira a S. Martiño de O Grove.

Nos puntos de solución **—ín**, a analoxía coas formas **collín**, **partín** axudaría a fixá—lo paso **—én** > **—ín**.

O SF da 2^a pers. sg. é **—stes** / **—ches**, mentres que o da 2^a pl. é **—stedes** / **—chedes**: **cantastes** / **cantaches** ; **cantástedes** / **cantáchedes**. Nun mesmo falante rexístranse todos esas formas.

A VT (vocal temática) /i/ da 3^a pers. sg. da 3^a conx. neutralízase sempre coa da 2^a, /e/: **saléu**, **subéu**; **colléu**.

2.7.1.4. O pluscuamperfecto ind. ten acento grave ou esdrúxulo, segundo o falante: **cantáramos** / **collerádes**.

2.7.1.5. Algunhas particularidades dos verbos “irregulares”;

VIR: 2^a pers. pl. pte. ind. **vindes**

2^a pers. pl. impto. ind. **viñádes** / **viñabádes**

FASER: 1^a pers. sg. pto. ind. **fixen**

TER: 2ª pers. pl. pte. ind. **tendes**

3ª pers. pl. pte. ind. **teñen / ten** (pouco usado)

DAR: a VT (vocal temática) de todo o perfecto ind. (agás **dou**) e do plusc. ind. **é/i: din, diron, diras...**

VALER: 1ª pers. sg. pte. ind. **valjo** [bálxo] (castelanismo)

Castelanizado o pte. subx.: **valja, valjas...**

OIR: 1ª pers. sg. pte. ind. **oio/ oiyo**; e en Carballás aínda se coñece a forma **ouso** (ve-
lliños)

SALIR: de **saír** só se conserva o participio **saída** na expresión “perna de saída”
(parte dun aparello).

Castelanismo en **saljo, salja, saljas...**

SER: 2ª pers. sg. pte. ind. **eres**.

1ª pers. pl. pto. ind. **fomos / fumos**

2ª pers. pl. pto. ind. **fóchedes/fóstedes**

HABER: 1ª pers. sg. pto. ind **huben / houben** (pouco)

Subx. pte: **aixa/ axa/ aia/ aiya, aixas/....**

IR: 1ª pers. plr. pte. ind. **vamos**. Pro **ides** na 2ª

No impcto. ind. **ía/ iba...** pl. **iabámos** (os de **ía**)

SUBIR: só os vellos conservan as formas **sobes, sobe** (n).

TRAER/TRAIR: pto. ind. **tru(i)en / truxen**

2.7.2. Formas nominales

2.7.2.1. O infinitivo conxugado ten plena vitalidade, tanto na xente nova como na de máis idade:

cantar, –ares, –ar ; –ár(e)mos, – ár (e) de –áren

2.7.2.2. O infinitivo xerundial emprégase constantemente: “o miniño está a **chorar**”, “o meu home anda a **navejar**”. Este infin. xer. ten distinta distribución e ás veces distinto valor que o xerundio normal: “está a **poñer** unhas patacas”/ “vaite **poñendo** unhas patacas”.

2.7.2.3. O participio

COMER: **comesto**

ENVOLVER: **envolveito**

MOER: **muda** (a fariña moi desfeitiña), **moído** (o café), **molido** (o peixe, ó vir aplastado ou deformado. Tamén a persoa que ven moi cansa de traballar).

NACER: **nada** no dito “o aveón diñe á cebada: —ándate, malvada, que ós tres días xa estás **nada**”.

POÑER: **posto / p̄osto, posta/ p̄osta**

RECOLLER: **recolleito, —a**

2.7.2.4. O verbo “arder” emprégase como transitivo: “foi a xente quen **ardéu** o monte”, “nós **ardemos** sempre o maio” (o maio é un ramo de xestas que se pon nas portas o 30 de abril pra escorrentá—las meigas).

Un derivado do pronome **aquel** é o verbo **aquelar**, que pode substituir a calquera verbo: a frase “¿**aqueláche—lo, aqueláche—la** aquela?” pode significar “¿**laváche—lo peixe / barréche—la** casa?” coma “¿**pintáche—lo** carro/ **puxéche—la** indisión?”...

Nuns falantes **ver/ mirar** neutralízanse no arquisemema **mirar**, mentres aínda se conserva **ver** pro cada vez vai sendo arrumbado por **mirar**: “non che **miro** nada con esta lus”, “esa película no (n) a vin / **mirfn**”.

2.8. O ADVERBIO

De lugar: **equí, eí, eí, alá / aló** (pouco)

sontq / sontq, á beira de (sinónimos)

De tempo: **ajora e desejada** só nos vellos.

De negación: **no / non**

2.9. A PREPOSICION

2.9.1. A: **acordar a** “non acordo **a** telo visto/mirado”

capás a “nos somos **capás a** faseo”

ir + a “**vamos a** xantar”

2.9.2. DE: reforza adverbios: **dantes, de diante, de denoite / de noite**

Indicando lugar en donde ou a donde, a preposición EN é substituída por DE. Este fenómeno morfolóxico dáse nunhas familias de Fefiñáns e tamén en casos illados doutras familias, xente vella e xente nova. Temos noticia da existencia deste fenómeno en Xil e Simes (Meaño), a varios Km. de Cambados.

No Thesaurus non atopamos ningún caso latino no que DE teña eses valores.

No plano temporal DE / EN poden intercambearse: “veu de madrujada/ na madrujada”. Pudera ser que do plano temporal pasase ó espacial, primeiro nos casos de lugar a donde por cruce cos de lugar de donde (“vai na Misa” > “vai DA Misa”// “veño da Misa”) (cfr. ital. “va dal modista”); e despois por analoxía aparecería nos casos de lugar en donde: “esta DO campo”, “tiróuno DO mar”, “pejóuñe DA cara” (cfr. ital. “da noi si mangia alle due”)

Tamén pudo ter pasado o recorrido contrario: que aparecera primeiro nos casos de lugar en donde a partir de frases “esta no campo” / “está do lado do campo”/ “está do campo”, que se transmitira analóxicamente ásfrases “vai do campo”, “vai da Misa”.

Nun falante no que o emprego de DE por EN non o tiñamos rexistrado nunca ouvimos “eso (trampas das xibas) faise de pinos que hai DO monte”: o **do** parécenos que equivale a NO.

PA/PRA nuns falantes, PA/ PARA noutros. Isto segundo é o máis normal.

Locucións :“peixe a **barrer, a mancallo**” (en grandísima abundancia)

2.10. A conxunción copulativa e refórzase sempre co adverbio de cantidade **más**: “chovéu o martes e málo miércoles”.

3. LESICO

O léxico común está moi castelanizado, moito máis, por exemplo, que o do veciño pobo de O Grove: voces como **lonxe**, **polbo**, **úlo**... empregadas comúnmente na terra de O Meco, en Cambados foron reemplazadas polos correspondentes castelanismos (**lexos**, **pulpo**, **dónde está**).

3.1. Son moitos os castelanismos que suplantaron as voces galegas: a forma **semana** e máilos días da **semán**, cáseque tódolos nomes dos meses de ano, a voz **luna**, nomes de paxaros e de outros animais (**lechusa**, **culebra**, **colondrina**...) e vocablos de uso tan común como **abuelo**, **ajua**, **solo**..., formas verbales (**eres**, **saljo**, **valjo**, **caijo**...).

3.2. Hai casos en que o castelanismo e a voz galega empréganse con distinta significación:

cuerda (a do reló) / **corda**

piedra (a do mechero, a dunha sortixa) / **pedra**

sielo (bóveda celeste) / **seu** (padal da boca)

tiempo (“temporal” “qué tempo hubo esta noite”) / **tempo** (“haiche ben tempo que non o vexo”).

3.3. Nembargantes, en Fefiñáns rexístrase no léxico común unha boa cantidade de verbas de moita enxebreza, que noutros sitios de Galicia xa se perderon, ou que nos parece que son propias do lugar:

atufr “atascarse algo”

candea “frouma do piñeiro”

dejolarse “perdé—la roupa a súa forma”. Dise tamén da persoa que anda bambeándose, ou coa roupa posta de calquera xeito.

edras “barices”

escalasar “desfacerse a roupa”

estremonía “travesura”

funil “embude”

jalroallo, jalroallada “vento NO. moi frío”

machar “dise do facer ruído coa lingua e o beizo inferior en sinal de protesta por algo”

matojal, matojeira “matorral”

molura “orballo”

lambido “dise do que vai moi ben peinado: ‘parese que ñe lambéu a cabeza unha pocha’ ”;

piorno “cabazo”

sieiro en “té-lo sieiro” (dise do meniño que ten as nádegas espelexadas por mor dos mexos)

tomar “pescar no mar”

3.4. Etimoloxías populares:

drajón por **trajón**, ó cruzárense **drajar** e **trajar**. Pode pensarse que non sexa unha etimo pop., senón a voz “dragón”, que chegaría posiblemente ó pobo coa predicación eclesiástica;

erballo. A auga do “roco” pola mañá na **herba**;

friorífico, por **frijorífico**;

joloso. Así hai quen nomea a marca de viño quinado “El Coloso”;

jrasirosa por “gaseosa”

monte dos Solteiros por **monte dos Outeiros**—Curbillón;

sancristán por “sacristán”. O **n**, analóxico de “santo”.

Cando nós eramos aínda un cativo, algúns días de festa percorría as rúas unha banda de música dun concello veciño ó de Cambados, hoxe desaparecida, á que se chamaba **os escorrenta porcos** (daquela os cochos podían verse polas rúas, e hiperbólicamente decíase que eran tan malos os músicos que hastra os ranchos fuxían). Pro anos despóis, cando, sobre todo en mozos de hoxe, as leises impediron rigurosamente que os cochos

“se paseasen”, a denominación de os **escorrenta porcos** pasou a os **cuarenta porcos**.

3.5. O léxico mariñeiro que chega a empregarse na vida normal de terra é moi abundante, xa humorísticamente, xa como formas normais. Así, entre outros vocablos:

boias “peitos dunha muller” humorísticamente;

emproar a “encamiñarse a”

escorarse a “arrimarse a”

boca de escacho, dise do que a ten moi grande

marcar, situar algo fixando nuns albres, nunhas casas ou noutros obxectos fixos que se toman como puntos de referencia, tal como os mariñeiros marcan os aparellos que largaron fixándose nun con, por ex.

raia seca, dise da que ten a cara seca e moi chupada

tolete “pene”

4. SITUACION SOCIOLINGUISTICA

4.1. *Loita galego–castelán*

A situación do galego en Cambados non difire, en líneas xerais, da de calquera outra vila de Galicia: hai, por unha banda, xente que sempre falou castelán ou que o fala de hai unha, dúas xeneracións pra acá; e por outra banda, unha inmensa maioría galego–falante, cada vez máis bombardeada por uns medios de comunicación e cultura (televexo, radio, prensa, escola...) en castelán; e que cando neles se fai unha mínima concesión ó galego, moitísima xente di non entender ese galego, que ése debe sé-lo bo, que o que eles falan é “un jallejo que non é jallejo nin é nada”, que hai que ir a Lugo ou a Ourense pra poder ofr falar ben o galego.

A oposición castelán–lingua de “señores” e “señoritos” /–as”, e galego–lingua de mariñeiros e labregos especialmente foi sempre clarísima no pobo de Cambados. Deica hai uns cantos anos, entre miniños e mozos, o castelán falábanno os fillos dos “señores”, dalgúns comerciantes e doutros que non traballaban no mar nin na terra. Os da súa mesma clase social “impedían” que fillos de mariñeiros e labregos falasen en castelán (ós poucos a quen na casa os pais “obligaban” a non falar en galego), xa fose ridiculizándoos directamente ó cometeren ultracorreccións (“aciércate a la biera”, “lo jindó al chan”...) ou indirectamente con comentarios (que se fulana quere presumir de “fina” ensinandolle castelán ós miniños, que se os seus abós viñan de tal ou cal sitio...): había un consenso popular que frenaba o avance da lingua de Castela na xente noviña. Pro hoxe a cousa cambeou totalmente, xa que o anormal é que a un cativiño se lle fale na lingua dos seus propios pais (As causas desto son sobradamente coñecidas de todos: unha escola sempre en castelán, uns medios de comunicación sempre en castelán, unha “burguesía” que ten a menos falar en galego, un clero que empregou sempre o castelán... todo elo fai que aquel que pertencéu sempre a un “status” socioeconómico baixo e que agora ascendeu, fale xa a lingua dos da “súa” clase social; e aqueles que non chegaron, e que ó millor non chegarán, esperan que os seus fillos sí cheguen, e pra elo dende cativos oblíganlle a falar a lingua dos que están por enriba deles).

Todo esto que decimos de Cambados témolo observado en moitos outros pobos da Galicia facendo enquisas: o galego é unha lousa moi pesada da que compre desfacerse ún canto antes, se se quere que o deixen de considerar como un atrasado, como un ente que só vele pra traballar. Os pais ensinan o castelán ós fillos porque “o jallejo no ñe vai a servir pra nada”, pra ir polo mundo adiante deben saber castelán (preparar lingüísticamente ós nenos con vista á emigración).

O cambadés, coma a xeralidade dos galego–falantes que coñecen o castelán, é **diglósico**, non **bilingüe**: o que emprega o galego faino sempre, agás, polo xeral, no intre de asomarse a unha fiestriña pra arregar uns

papeles, ó falar cun médico, cun mestre, cun crego. Tamén ó entrar nun comercio, en especial nos vilagarcíans ou pontevedreses. O falante castelán bota man sempre da súa lingua, agás dalgunhas frases feitas ou dalgúns chistiños que teñen moita máis gracia en galego, e incluso cando dirixíndose a un galego-falante bota man dos “me dixo”, “miña muller”... e outros sintagmas que non son galego nin castelán, pro que o “pobo” considera normales; mentres que se un galego-falante di, por exemplo, “jindó”, “bulfgrafo” ou “escorregó” falando en castelán, temos notado as gargalladas que levantaba nos seus ouvintes, especialmente nos que empregaban tamén a lingua do país, que é o máis triste.

Algo que temos observado moitísimas veces é que cando nunha conversa normal hai ún ou dous castelán-falantes, os que empregan o galego botan sempre man do castelán pra se dirixir a aquél (es), e incluso galego-falante chegan a usa-lo castelán entre sí nalgún intre da conversa. E se o (s) castelán-falantes(s) cambea ó galego, os outros seguirán dirixíndose a el (es) en castelán.

4.2. “Castelán agalegado”

É o castelán que emprega a xente que sempre falou en galego, e ás veces os que sendo castelán-falantes de sempre, empregan construcións morfosintácticas que son un calco mental das correspondentes galegas, por non citar xa os rasgos fonéticos.

No “castelán agalegado” cambadés atópase moitos dos defectos que cita o Dr. Rabanal no seu **Hablas Hispánicas...** (3) Son normales formas como “cipillo”, “güevo”, “perfeto”, “dotor”, ultracorreccións con geadá e seseo; os “bendiera”, “cantastes”, “dea”, “sea”, “estea”, “haiga”; os “está a trabajar”, “va en Vigo”, “una llena de gente”, etc, etc, etc.

(3) RABANAL, Manuel, *Hablas Hispánicas. Temas gallegos y leoneses*, Ed. Alcalá, Col. Aula Magna, 15, Madrid, 1967.

4.3. *Consideración social da gada e do seseo. A oposición “pueblo” / “aldea”.*

A gada e o seseo non se consideran vulgarismos, ninguén trata de ocultalos cando fala en galego. O anormal é precisamente intentar agachar eses dous fenómenos fonéticos. Tanto os empregan os galegos—galantes entre sí ou ó se dirixeren a un “señor” en “jallejo”, coma o castelán—falante ó cambear de código lingüístico, xa que intenta reproducí—lo “jallejo” que ouve.

Na conciencia do falante de Fefiñáns hai unha oposición clara entre os que son da vila, os do “pueblo”, e os que non o son, os da “aldea” (xentes de concellos que non viven do mar, Meaño, Ribadumia, Mosteiro... e tamén do concello cambadés, pro de parroquias do “interior”). Todos falan con gada, pro os do “pueblo” falan “coa ese”, méntre—los da “aldea” “carjan na zeta”. Aquéles empregan /θ/ ó imitá—lo falar dos da “aldea”. O uso do /θ/ en galego vese como algo moi rústico, moi vulgar (e máis aínda formas como **maus**, **irmáus**, **mai**...que quen máis e quen menos ouvín ós de “Lujo e Orense”).

Esa oposición lingüística /s/ /θ/ é o reflexo dunha oposición entre dous modos de vida, o mariñeiro—seseante/ o labrego—non seseante: no mesmo concello de Cambados, mentres toda a vila (o mar é a principal ocupación) sesea, a parroquia de Oubiña e máila de Castrelo non; no concello de O Grove, a parroquia de S. Martiño sesea, méntre—la de S. Vicente, especialmente labrega, non sesea (en Estonllo, que é de S. Martiño, hai seseo, pro un kilómetro máis adiante, na mesma estrada, en Reboredo, xa de S. Vicente, non existe o seseo).

Pensamos que nun principio habería seseo en todos eses lugares. Non sería o ápico alveolar que hoxe predomina en O Grove, Cambados, Vilanova, Vilagarcía (ápicoalveolar e non predorsal hoxendía), senón que sería predorsal, ou predorsointerdental (cfr. o Morrazo: en Moaña, o s do seseo é predorsointerdental; en Cela—Bueu, unhas veces é como en Moaña, outras veces é interdental, de ahí que se rexistre o ceceo nesta zona),

cunha inestabilidade fonética entre os resultados do /ts/, /ds/ e os de /s/ xorda e sonora, con asimilacións entre ambos. Nuns lugares, os labregos, o sistema iría estabilizándose, creándose a oposición /s/ – /θ/; nos mariñeiros sería nun principio predorsointerdental, logo predorsal (cfr. Aguiño–Riveira onde hai estas dúas variantes; Asados e Rial de Rianxo, de vida labrega, onde o /s/ é predorsal, e /ʃ/>/s/; mentres que no mesmo Rianxo, mariñeiro, o normal é o seseo ápicolaveolar e o mantimento total do /ʃ/, e de ahí pasaría á apicoalveolar que hoxe domina. ¿Por qué nuns sitios seseo e noutros non? . En tódo–los pobos mariñeiros da Ría de Arousa hai seseo: o contacto entre todos eles foi sempre grande; xente de O Grove, de Cambados, de Vilanova, de Carril, de Rianxo, de O Boiro, de A Puebla, de A Isla..traballaba, especialmente hai moitos anos cando non se podía saír da boca da ría, nas mesmas augas, nas mesmas pedras...nunca se considerou que o mar pudiera estar dividindo dúas provincias. Este grande contacto entre eles axudaría a mantélo /s/ ou o soído resultante da neutralización /ts/, /ds/ / /z/, /s/; mentres que as parroquias labregas, anque xeográficamente cercanas, terían a súa propia evolución, /s/ / /θ/, como antes pudo ter pasado en moitos outros lugares de Galicia.

Esa oposición seseo (pobos de vida mariñeira) / non seseo (pobos de vida labrega) non só se dá na Ría de Arousa. Na Costa da Morte, Laxe (mariñeiro) sesea e Ponteceso (labrego) non; Camariñas sesea, Baio non. En todos eles hai seseo implosivo, o que quere decir que houbo seseo total, pro que está en retirada. Ademáis, Baio lingüísticamente é zona de seseo (a menos de 1km. hai aldeas con seseo predorsal), pro no propio pobo só o implosivo.

4.3. Estado actual do galego en Fefiñáns

No noso pobo hai unha nítida distinción entre o barrio de Triana (os homes traballan no mar, as mulleres vendendo peixe, na conserva ou mariscando) e os barrios de Carballás, Corniña, A Cabana (os homes son labregos ou labrego–mariñeiros, as mulleres traballan na terra ou na conserva). En líneas xerais pode falarse dunha zona mariñeira e outra labrega.

Despóis de termos feito enquisas en Carballás e máis en Triana, déuno—la impresión de que a fala da zona de Carballás éra máis conservadora do que a de Triana. Pra asegurarnos mellor desta observación fixemos logo unhas preguntas comúns a tres persoas:

(A) María Fernández García, 66 anos, de Triana, peixeira;

(B) Xesusa Chantada Piñeiro, 50 anos, de Carballás, labradora, e ás veces mariscadora;

(C) Xosé Fernández García, 50 anos, de Triana, mariñeiro.

Os resultados obtidos son os seguintes:

1^o) Armonización vocálica nos tres: **cullífa, disífa.**

2^o) O grupo /ng/, en A e C; sempre /nk/ en B, o mesmo que na muller de C.

3^o) O /s/, aunque xeralmente o percibimos como ápticoalveolar nos tres, en A e B rexistramos algún predorsal, mentres en C sempre ápticoalveolar.

4^o) Ningún deles é “yeísta”.

5^o) Nós e vós nos tres, nunca **nosoutros** nin **vosoutros**.

Pola contra o home de A (q.e.d.) empregaba sempre estas segundas formas; o home de B rexistramos casos de **nosoutros**, pro o normal nel é **nos**; e a muller de C bota man só ocasionalmente do **nosoutros**, por ex., pra evitá—la repetición de **nós**.

No que respecta á morfoloxía verbal:

6^o) Nos tres os castelanismos: **eres, vamos, podoo; saljo, valjo, salja, valja; pueden, supen...**

7^o) **ibámos, cantabámos** nos tres. A muller de C, sempre **cantábamos, collíamos...**

8^o) **vin** (nunca **viñen**, que sí se rexistra en Vilarinho e Corbillón, parroquias de Cambados), **din**.

9^o) **traio** en A e B, **traijo** en C.

10^o) **ajradeso** en A, **ajradeso** / **—esco** en B, **ajradesco** en C.

11^o) **oio** en A, **oijo/oio/ouso** en B, **oio/ oijo** en C.

12^o) **sobe** en A, B; **sube** en C.

13^o) **cantéi** en A, **cantéi/ —ín** en B, **cantín** en C.

14^o) **huben** en A, **huben/ houben** (pouco uso) en B, **huben** en C.

15^o) **tru(i)en** en A e B, **truxen** en C.

16^o) **haxa/ haija/ haia/** en A, **haia** en B e C.

17^o) **traer** en A e C, **traír** en B e na muller de C.

18^o) preposición **pa/ para** en A e C, **pa/ pra** en B (a 2^a só nunha interrogación).

En canto ó léxico:

19^o) **jrániso** nos tres (non rexistramos sarabia nin outra forma).

20^o) **ajora** en A e B, **ahora** en C.

21^o) **desejada** en A e B, **ensejada** en C.

22^o) **olvidar** en A e C, **esquenser** en B.

23^o) **naranxa** en A e C, **laranxa** en B.

Interpretando estes datos vese que:

a) os tres presentan características comúns (1^o 4^o, 5^o, 6^o, 7^o, 8^o, e en parte o 18^o);

b) en líneas xerais pode afirmarse que o galego que emprega o informante A (da zona mariñeira) e máilo de B (zona labrega), que pola

idade pertence á xeneración inmediatamente posterior á de A, opónse ó do infte. C (zona mariñeira), que ten léxico máis castelanizado, como máis abaixo veremos, e que presenta algunha evolución fonomorfosintáctica (cfr. puntos 3^o, 9^o, 12^o, 15^o, 20^o e 21^o);

c) ás veces A,B,C, teñen algún rasgo común (11^o, 16^o), pro o castelanismo non se rexistra ou ten menos frecuencia en A;

d) B nuns casos fai de puente entre A e C (cfr. 10^o, 13^o). Pro noutros, B amósase máis conservador que A: no punto 11^o vese cómo o antigo **ouso** aínda se mantén en B, que a coñece pro que a non emprega como non sexa humorfisticamente. Tamén 14^o, 22^o, 23^o;

e) tamén ocorre que B presente máis evolución que A e C (2^o, 17^o);

Cos seguintes exemplos pode verse aínda máis claro cómo a fala de B é moito máis conservadora do que a de C:

B	C
mollo (< manuculum)	mollo (<manuculum)
coiro	cuero “Coiro” só como “pelexo”
decotío (coñécea)	tódolos días
dendes	desde
enxuto, -oito	seco
novelo	ovillo
pataca	patata
sabán	sábena
sobreira	curtiseira
xantar	comer
casar	casarse

Ademáis dos xa ditos **ajora, desejida, esquenser, laranxa** de B, fronte a **ahora, ensejida, olvidar, naranxa** de C.

Os fillos de B e de C son “yeístas”, teñen seseo xeralmente ápticoalveolar, empregan constantemente os **cantín, preparín...** e o léxico é

un reflexo do dos seus pais: nos de B rexístrase **casar, laranxa, pataca, sabán**; mentres nos de C, **casarse, naranxa, patata, sábena**.

5. CONCLUSION

En líneas xerais, o galego de Fefiñáns (e o de toda a vila de Cambados) hai que encadralo no “dialecto” suroccidental, segundo a terminoloxía do Dr. Carballo Calero: sufixo **-án** (< **-anúm / -anam**) plurales en **-óns, -áns...**, geadá e seseo (ápicoalveolar, e apenas predorsal).

Neste intre o grado de castelanización é moi elevado; tanto na morfoloxía verbal do que máis arriba se falou, como no léxico común (voces como **cobra, só, abó...** comúns na fala de moitos puntos de Galicia, en Cambados non que queda rastro delas).

Sociolóxicamente é de destacar que ás novas camadas ensinantes castelán, incluso á forza (temos visto cómo mais, falegofalantes elas e máis a súa familia, berrábanlle ós seus cativiños por deciren cousas no galego que na rúa ou na súa propia casa están a ouvir tódolos días). Todo elo leva consigo un deterioro enorme da nosa lingua, pro de momento non creemos que o castelán arrumbe ó galego: un feito real é que moitos meniños chegan a falar galego na rúa, cos demais nenos, anque haxan de empregar un castelán ó se dirixiren ós pais, falegofalantes.

Hai quen conserva o léxico galego pra falar en familia, pro ante un foráneo bota man do correspondente castelanismo, pra demostrar, coidamos, que está empezando-a-superar o seu antigo “status” ou pra facer que tamén coñece o léxico dos “finos”. E así, voces tan comúns como **onte, nantronte, irmán, peixe** e outras van sendo substituídas, en determinados momentos, por **ayer, anteayer, hermano /-a, pescado** en falantes de sempre, o que é un gran perigo pra nosa lingua, xa que hoxendía o castelanismo ten tódalas posibilidades de sepultar a voz enxebre.

O conflito lingüístico que se dá en Cambados é semellante ó do resto de Galicia. O léxico vai desaparecendo, pro a estrutura fono—morfo—sintáctica non é tan doado que o castelán a suplante, porque o falante normal non ten a máis mínima conciencia dela; xa máis arriba falaremos do “castelán agalegado”, base do dialecto castelán que cada vez máis se fala no NO. peninsular.

BIBLIOGRAFIA CONSULTADA

- 1.— CARBALLO CALERO, Ricardo, **Gramática elemental del gallego cumún**, 4^a ed., Ed. Galaxia, Vigo, 1975.
- 2.— COROMINAS, Juan, **Diccionario crítico y etimológico de la lengua española**, Ed. Francke, Berna, 1954 (II), 1955 (T II), 1956 (T III), 1957 (T IV).
- 3.— NUNES, J.J., **Cantigas d'amigo dos trovadores galego—portugueses**, Vol. II Coimbra Imprensa da Universidade, 1926. Kraus Reprint Co., New York, 1971,
- 4.— NUNES, J.J., **Cantigas d'amor dos trovadores galego—portugueses**, Coimbra, Imprensa da Universidade, 1932. Kraus Reprint Co., New York, 1971.
- 5.— RABANAL ALVAREZ, Manuel **Hablas hispánicas. Temas gallegos y leoneses**, Ed. Alcalá, Col. Aula Magna, Madrid, 1967.
- 6.— R.A.E., **Diccionario de la lengua española**, 19^a ed., Ed. Espasa—Calpe, Espasa—Calpe, Madrid, 1970.

5. TESTOS DIALECTALES

(I)

Eu sei dunha persona que para lojrá—los fillos, que tiñan que ir, a unha encrusiyada, e iren ás dose da noite, e non falaren con nada, aunque pasaran, e quen pasaran que ñe diran buenas noites, ou que fora; ela que non falara con nada. Non sei si era pa lojrá—lo fiyo, si era pa quitá—lo, deso, do aire, ou deso, mal, me parece que do mal oyo; e despós faseren aqueles remedios que ñe mandaba; e disiren aquelas cousas, e levaren o crío, e disir aquelas palabras que ñe mandaban desir, E despós vir de volta, e non falar tampouco con nada; para poder lojrá—lo fiyo.

(II)

A defunta de miña nai e más outra compañeira, iban á aldea, por ahí por Leiro, e por Deiro; ehí, sí, todo por ahí, pola Puente Arnelas; e hebía unha que ñe vendían elas na casa, unha fulana que tiña un amijo: ela chamábañe Rita, e el chamábañe Manuel. E morréuñe o amijo. E mentras ñe morréu o amijo, deixaron o defunto na casa, e foron todos á, ó entierro queñe fasían en corpo presente, pero o defunto na casa; e deixaron á caldeirada do bacaláu a coser. Vai miña nai e má—la outra compañeiro, comeron o bacaláu, soltaroñe a biya ó, e escaparon. Cando viñeron de volta, a muyer que ñe chamaban Rita, chejóu á casa e xa ñe chejaba o viño á eira; antes de entraren pá casa xa ñe deixarana, a pipa aberta. E di, “¡ai Dios mfo! ”. ¡“Dios mfo! ” ¡“foi a quenta, foi a quenta e máis Inocencia”! ; “¡ai o que me fixeron! ”, “¡ai qué desjraciadas! ”. E tiñan así ese costume de faseren, cheas e cumidas, así antes de, diren a, denterraren o difunto.

XENXA A CUDUSA

50 anos

No testo (II) os casos de /θ/ son debidos a que a informante intentóu imitá—la fala dos da “aldea”, pois ela nunca distingue /s/ e /θ/ cando se expresa en galego.

TRANSCRIPCIÓN DOS TESTOS DIALECTALES

(I)

eu sêi dũna p̄ersóna k̄e pará l̄oxrál̄o s̄ f̄iȳōs̄[→]
 k̄e t̄ín̄an k̄e ír̄ /á ãna ã̄nkrús̄zyádā / e ír̄en ãz
 d̄ósē da n̄oít̄ē / e n̄õm f̄alár̄en k̄on nádj̄a / ãnk̄e
 pásár̄an̄[→] / e k̄em pásár̄an̄ k̄e n̄e d̄ír̄am bwén̄áz n̄oít̄ē
 t̄es̄[→] / õu k̄e f̄ór̄a // éla k̄e n̄õm f̄alár̄a k̄on nádj̄a
 // n̄õn s̄eĩ s̄z éra p̄a l̄oxrál̄o s̄ f̄iȳō / s̄z éra p̄a
 k̄ytál̄o / k̄ytál̄o d̄es̄ō / d̄e áir̄e / õu d̄es̄ō[→]
 mã[→] / mã p̄ar̄es̄e k̄e d̄e mãl-õȳō // e d̄es̄p̄ōs̄ f̄a-
 s̄er̄en̄ ak̄el̄e f̄em̄ēdj̄ōs̄ k̄e n̄e mãndábā // e d̄is̄ir̄en̄
 ak̄el̄ás̄ k̄õus̄ás̄ / e l̄ebár̄en̄ ō kr̄īō / e d̄is̄ir̄-
 ak̄el̄ás̄ p̄alábr̄as̄ k̄e n̄e mãndában̄ d̄es̄ir̄ // e /
 d̄es̄p̄ōz̄ b̄ir̄ d̄e b̄õlt̄a / e n̄õm f̄alár̄ t̄ãmp̄õuk̄ō k̄on
 nádj̄a /// pará p̄õd̄er̄ l̄oxrál̄o s̄ f̄iȳō ///

(II)

a d̄efũnt̄a d̄e mãñã n̄ai e mãs-õutr̄a k̄omp̄añeĩr̄a[→]
 // íban̄ ã:l̄d̄eã / p̄õr-ái p̄õr l̄eĩr̄ō / e p̄õr
 d̄eĩr̄ō / e p̄õr l̄eĩr̄ō // eĩ / sí / t̄õd̄ō

pør-ái[→] | pølá pwéntárnélás // é ébia ũñá kè
 ñé bëndián élaz ná kásá[→] / ũñá fúlána kè tíñá
 ũñ ãmíxø // élá camábãñé rítá[→] / é él camábãñé
 mãnwél[→] // é mørëuñ-ø ãmíxø // é mēñtráz ñé
 mørëu ø ãmíxø[→] | deĩšárøñ ø ðéfúñtø ná kásá[→] |
 é fóřøñ tóððòs á[→] / ø ãñtjéřø kè ñé fásián ãñ
 kørpø prēsēñtē[→] | per-ø ðéfúñtø ná kásá // é
 deĩšárøñ á kałdeĩráðá ðø bakáláu á[→] | kòšēr //
 báĩ mĩñá náĩ é má-lá òutrá kòmpañeĩrá[→] / kòmērøñ
 ø bakáláu[→] / sòłtárøñ-á bíy-ø[→] // é-škapárøñ ///
 kãñðø bĩñerøñ ðé bòłtá[→] | á mýyér kè ñé camábãñ
 rítá[→] / çexòu á kásá é šá ñé çexábá ø bíñø á
 eĩrá[→] / ãñtēz ðēñtrárēm pã kásá šá ñé deĩšárøñ
 á[→] | á píp-ãbērtá // é dí[→] | áĩ djòz mĩø[→] /
 djòz mĩø[→] // fój-á kēñtá[→] / fój-á kēñtá é máĩs-
 inøēñøjã[→] / áĩ ø kè mẽ fišērøñ / áĩ kè ðes-
 xráøjáðás[→] // é tíñãñ ási éšé kòštúmbrē ðé fášē-
 rēñ[→] / çéás é kũmíðás[→] | ási ãñtēz ðē[→] / dířēñ
 á[→] / ðēñtēfárēñ ø dífúñtø[→] ///

šēñšá á kũdúšá